CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 10:46:00
Nº Rexistro: 53577
Data envio: 08/08/2019 10:46:00.319

7ª) De cantos profesionais da psicoloxía, traballo social, logopedia e fisioterapia dispón o Servizo Galego de Saúde para afrontar as necesidades de rehabilitación con recursos públicos das persoas con Dano Cerebral Adquirido?

8.ª) Estima a Consellería de Sanidade suficientes os recursos humanos e técnicos dos que dispón para afrontar o tratamento integral das persoas con Dano Cerebral Adquirido?

9.ª) Que medidas concretas ten adoptado a Consellería de Sanidade, á marxe da concertación, para garantir a prestación sanitaria global para a rehabilitación de persoas con Dano Cerebral Adquirido?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araújo

Eva Solla Fernández

Deputadas do G.P. de En Marea.

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 10:46:00
Nº Rexistro: 53577
Data envio: 08/08/2019 10:46:00.319

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 08/08/2019 10:31:36

Paula Quinteiro Araújo na data 08/08/2019 10:31:48

Eva Solla Fernández na data 08/08/2019 10:32:03

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:39:25
Nº Rexistro: 53585
Data envio: 08/08/2019 13:39:25.249

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e María Dolores Toja Suárez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

A necesidade do dragado do porto deportivo de Foz, Porto Chico, é un tema que se leva denunciando dende fai moitos anos. Pescadores deportivos de forma individual, asociacións, clubs, socorristas e partidos políticos levan anos denunciando a falla de calado que sufre o porto deportivo de Foz, Porto Chico, no que atracan moitas embarcacións e tamén varias zodiacs de salvamento, entre elas a que emprega Protección Civil de Foz e tamén os socorristas de Barreiros.

A nivel político o PSdeG-PSOE de Foz ten amosado publicamente o respaldo ás iniciativas que instaban a Portos de Galicia a acometer de xeito urxente a dragaxe do Porto Chico de Foz. Xa en 2013 aprobouse por unanimidade do Pleno do Concello de Foz unha moción do Grupo Socialista focense na que se lle instaba á Xunta de Galicia a que acometera esta dragaxe.

Na sesión do 11 de maio de 2018 aprobouse por unanimidade unha Proposición non de Lei na Comisión 8ª na que se lle instaba á Xunta de Galicia a que realizara esta obra de dragaxe de xeito urxente. Sen embrago, a día de hoxe a falla de calado e as malas condicións de abrigo das instalacións do Porto Chico de Foz seguen empeorando, sen que a Xunta de Galicia aporte solución algunha.

A falla de calado implica que as embarcacións teñan problemas para entrar e saír de dito porto, coa conseguinte falla de seguridade que isto implica. O problema dáse coa marea baixa que deixa inutilizadas parte das embarcacións atracadas nos pantaláns.

Esta situación complicouse se cabe, máis aínda, a pasada fin de semana cando os socorristas de Barreiros tiveron que actuar dende a praia para socorrer a varios bañistas ante a imposibilidade de empregar a súa zodiac de salvamento, atracada no Porto Chico de Foz, que debido a esa falla de calado impediu saír do porto de Foz ás embarcacións de salvamento.

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/08/2019 13:39:25
Nº Rexistro: 53585
Data envío: 08/08/2019 13:39:25.249

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando ten pensado a Xunta de Galicia licitar o dragado do Porto Chico de Foz?

Pazo do Parlamento, 08 de agosto de 2019

Asdo.: Patricia Otero Rodríguez
María Dolores Toja Suárez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/08/2019 13:36:44

María Dolores Toja Suárez na data 08/08/2019 13:36:54

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 10:28:22
Nº Rexistro: 53617
Data envio: 09/08/2019 10:28:22.270

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, , **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativas á valoración e actuacións a impulsar por parte do goberno galego diante da suba dos prezos dos dereitos de emisión.

O mercado de emisións foi impulsado, na teoría, para dar abeiro aos obxectivos internacionais de redución da contaminación e, particularmente, da emisión de gases de efecto invernadoiro (GEI). Máis de vinte anos despois do nacemento do protocolo de Kioto, que acabou por estabelecer no 2005, por vez primeira, obxectivos de redución de emisións netas de GEI para os principais países desenvolvidos baixo un calendario de previsión de cumprimento, o resultado das diferentes medidas impulsadas neste tempo continúa sen garantir os obxectivos fixados no Acordo de París de limitar o quecemento global en menos dous graos e, ao mesmo tempo, ten repercusións importantes sobre a situación da industria galega que cómpre analizar e prever.

Os retos da denominada transición enerxética, entre os que salienta a descarbonización, fan necesario que Galiza desenvolva a súa propia planificación para evitar que, unha vez máis, poida saír perdendo pola toma de decisións en ámbitos estatais ou internacionais sen que sexan tidas en conta as nosas necesidades e potencialidades. Neste sentido, cómpre analizar cal é o impacto para o noso país da

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 10:28:22
Nº Rexistro: 53617
Data envio: 09/08/2019 10:28:22.270

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

evolución do mercado do CO2 e como isto nos afecta, particularmente a nivel industrial, pois non é en absoluto indiferente.

Recentemente coñecíanse as conclusións da enquisa GHS Market Sentiment Survey 2019 realizada entre os membros da IETA (Asociación Internacional de Comercio de Emisións). Nestes previíase un aumento do prezo medio do carbono, de máis de 27 euros por tonelada para o período 2019-2020 e coa previsión de superar os 36 a partir de 2021. Así mesmo, aínda que observemos só o incremento do último ano, desde a media de 15,88 euros por tonelada do 2018 até os datos máis recentes que sitúan no momento de asinar esta iniciativa o prezo por riba dos 29 euros, é obvio que é un factor máis alá de puntual e diante do que cómpre valorar as súas consecuencias.

Mentres o goberno da Xunta de Galiza permanece en silencio e continúa sen incluír esta cuestión en axenda (abonda constatar, por exemplo, a absoluta ausencia nas Directrices Enerxéticas de Galiza 2020) observamos xa consecuencias que afectan aos galegos e galegas, tanto na configuración dos prezos enerxéticos das e dos consumidores domésticos como tamén na competitividade no tecido industrial. Nestes meses puidemos ver as consecuencias deste modelo especulativo coas paradas produtivas en empresas como a Central Térmica das Pontes ademais de inquedanzas noutros sectores coma o metalúrxico.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Realizou ou vai realizar a Xunta de Galiza algunha análise sobre os efectos, na industria galega, do mercado de emisións? Ao abeiro de que instrumento ou instrumentos?

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 10:28:22
Nº Rexistro: 53617
Data envio: 09/08/2019 10:28:22.270

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera que este modelo de mercado especulativo favorece a Galiza?

- Como afecta ao sector da produción enerxética? E ao resto da industria galega?

- Dirixiuse o goberno galego ao goberno central para abordar esta cuestión? Con que posición? E resultados?

- Vai defender o goberno galego que Galiza defenda a súa propia planificación para a transición enerxética diante das institucións europeas?

- Que actuacións e vías de diálogo desenvolveu ou vai desenvolver a Xunta de Galiza para consensuar cos axentes sociais e económicos do país

Santiago de Compostela, 09 de agosto do 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 10:28:22
Nº Rexistro: 53617
Data envio: 09/08/2019 10:28:22.270

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 09/08/2019 10:22:28

Xosé Luis Bará Torres na data 09/08/2019 10:22:41

María Montserrat Prado Cores na data 09/08/2019 10:22:49

Olalla Rodil Fernández na data 09/08/2019 10:22:56

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/08/2019 10:23:05

Ana Pontón Mondelo na data 09/08/2019 10:23:14

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 10:31:32
Nº Rexistro: 53620
Data envio: 09/08/2019 10:31:32.608

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª.**

A Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, regula a libranza de asistente persoal.

Así, dispón que "a libranza de asistencia persoal está destinada a contribuír á cobertura dos gastos derivados da contratación dun/unha asistente/a persoal que facilite o aceso á educación e/ou ao traballo, así como promover unha maior autonomía no exercicio das actividades da vida diaria ás persoas en situación de gran dependencia".

Por Decreto 15/2010 do 4 de febreiro existe unha libranza de AP que consiste nun pago directo á persoa usuaria, que pode elixir entre contratar a través dunha empresa ou mediante alta da persoa AP no Réxime Xeral de Traballadores/as Autónomos/as.

Dende o ano 2013 existe un servizo de Asistencia Persoal cuxa xestión o levan as entidades segundo o disposto no art. 3 e art. 5 C) do DECRETO 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

Na práctica, danse casos de derivacións de persoas usuarias a empresas, imposibilitando contratar a persoas autónomas ou mediante asociacións de persoas usuarias.

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 10:31:32
Nº Rexistro: 53620
Data envio: 09/08/2019 10:31:32.608

En canto á formación específica requirida ás persoas asistentes persoais, ás persoas contratadas como autónomas comezóuselle a pedir esta formación como un requisito, e non só téndoa en conta como mérito, como sinala na Orde que desenvolve o Decreto 15/2010. Mesmo atopamos un caso no que se retira a libranza de AP se non se acredita formación específica, indicando que a formación específica sería o título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia.

Asemade, dende a propia Consellería indícase ás persoas que deben contratar a través de COGAMI, sinalando en comunicacións que a prestadora do servizo é COGAMI.

Por outra parte, as persoas afectadas tamén nos teñen relatado atrasos na concesión da libranza, tendo agardado ata 1 ano pola resolución.

A Xunta publicou recentemente a Orde do 19 de novembro de 2018 pola cal "se regula o procedemento de obtención das habilitacións para profesionais pertencentes ás categorías de persoal coidador, xerocultor, auxiliar de axuda no fogar e asistente/a persoal nos centros e servizos sociais do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia". En relación ás AP, sinala que "no caso dos/das asistentes/as persoais, as esixencias de cualificación profesional adaptaranse á regulación que se estableza polo Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, que se aprobe para ese efecto". Polo tanto, aínda non hai consenso específico sobre a figura da prestación de Asistente Persoal no conxunto do Estado. Ademais, non se está afondando no disposto na Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, en relación á vida independente.

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben formulan a seguinte pregunta á Xunta de Galicia:

- Por que se denega a contratación de Asistentes Persoais mediante a figura de autónomo/a?

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 10:31:32
Nº Rexistro: 53620
Data envio: 09/08/2019 10:31:32.608

- Por que a Xunta indica, a través das Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social, que a prestadora do servizo de AP en Galicia é COGAMI, cando poden prestalo persoas autónomas (no caso da libranza) ou outras empresas?

- Por que a Xunta cambia de criterio á hora de conceder ou retirar a prestación, convertendo o que era un mérito (formación específica) en requirimento?

- Vai a Xunta desenvolver de xeito pleno a figura de Asistente Persoal para a Vida Independente, con horas suficientes e mediante fórmulas que optimicen os recursos públicos e deriven directamente na persoa usuaria?

- Vai seguir a Xunta co sistema actual ou vai promover fórmulas de xestión da AP acordes coa Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade?

- Como é o procedemento, detallado, de pago e contratación do servizo de Asistente Persoal vía empresas de COGAMI?

- Cantas libranzas e servizos de Asistente Persoal hai neste momento en cada unha das provincias galegas e cal é a súa modalidade de contratación?

- Ten coñecemento a Xunta de que, no caso de persoas que teñen MUFACE, se lles computa como ingreso a libranza de Asistente Persoal?

- Cal é a lista de agarda, por provincias, para a libranza e servizo de Asistente Persoal?

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. Mixto.

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 10:31:32
Nº Rexistro: 53620
Data envio: 09/08/2019 10:31:32.608

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 09/08/2019 10:26:25

Luis Villares Naveira na data 09/08/2019 10:26:39

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 11:00:03
Nº Rexistro: 53623
Data envio: 09/08/2019 11:00:03.546

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Jackeline Fernández Macías, Rosa Oubiña Solla e **Miguel Prado Patiño,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

Desde o Grupo Parlamentario Popular querémonos interesar sobre os controis sanitarios, a través das probas da brucelose, na cabana gandeira galega, dado que Galicia foi declarada no ano 2013 rexión oficialmente indemne de brucelose ovina e cabrúa, e en outubro de 2017 rexión oficialmente indemne de brucelose bovina, nos dous casos despois de cinco anos consecutivos sen casos de dita enfermidade.

Lóxicamente, estes datos hai que valoralos de forma positiva porque benefician directamente ás nosas explotacións. Por exemplo, no caso do gando bovino permitirá reducir no presente exercicio o peso dos controis de saneamento que soportan os titulares das explotacións.

Polo tanto, desde o Grupo Parlamentario Popular entendemos que para manter esta categoría de territorio indemne de brucelose é necesario seguir a traballar neste senso tendo en conta o que a normativa europea esixe.

Por iso, desde este Grupo Parlamentario queremos que se concreten as probas de brucelose que se van a realizar nas ganderías de vacún de leite, no vacún de carne e no gando ovino e caprino.

Así, ante o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

-Que controis sanitarios de brucelose cumprindo a normativa europea se van a realizar nas explotacións bovinas de leite e de carne, e no gando ovino e no caprino?

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 09/08/2019 10:57:44

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 11:00:03
Nº Rexistro: 53623
Data envio: 09/08/2019 11:00:03.546

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Raquel Arias Rodríguez na data 09/08/2019 10:58:04

Moisés Blanco Paradelo na data 09/08/2019 10:58:20

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 09/08/2019 10:58:49

Rosa Oubiña Solla na data 09/08/2019 10:58:57

Carlos Gómez Salgado na data 09/08/2019 10:59:05

Jesús Miguel Prado Patiño na data 09/08/2019 10:59:22

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 11:29:25
Nº Rexistro: 53628
Data envio: 09/08/2019 11:29:25.544

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**

Segundo a Encuesta de Presupuestos Familiares do INE, en 2018, por causa do encarecemento progresivo dos produtos e o estancamento dos salarios, as familias galegas ocupan un 30% dos seus ingresos en servizos básicos.

O gasto medio por fogar no noso País situouse en 27.257 € no ano 2018, case 2.800 euros menos que no pico máximo de 2008 (30.040 euros).

A vivenda ocupa case 2 de cada 10 euros de gasto, ascendendo un 9,9% dende 2008; no caso dos arrendamentos, o gasto medio son 631 €, cunha suba do 51%. Fronte a isto, o gasto en reparacións e conservación da vivenda descendeu un 49,2% ou mobles e accesorios (-56,9%).

O gasto en alimentación descendeu dende 2017, ocupando 3.988 euros, un 20,6% menos. Neste punto, destaca o aumento da aposta por ofertas e marcas brancas, un 15% máis que en 2008.

O subministro de auga e outros servizos básicos da vivenda medraron un 32,4% dende 2008 e o gasto en electricidade, gas e outros combustibles chegou a 1.132 €, un 25,3% máis nesa década. Así, a factura mensual destes subministros subiu 19 euros. Neste punto, hai que destacar que o gasto en auga aumenta 32,4% (600 euros anuais).

Por outra parte, descendeu o gasto en coidado persoal (-6,2%), vestimenta (-27,7%), calzado (-16,2%), prensa e libros (-27,5%) ou paquetes turísticos (-28,3%)).

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 11:29:25
Nº Rexistro: 53628
Data envio: 09/08/2019 11:29:25.544

Os fogares con persoas pensionistas, que durante a crise tiraron de aforros e foron colchón para moitas familias, recortan o seu gasto: un 2% menos que en 2017. Só aumentan orzamento de gastos a respecto de 2017 as familias que ingresan máis de 3000 € ao mes.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia:

- Considera que, en termos de gasto por fogar e estrutura do mesmo, a maioría das familias galegas saíron da crise?

- Que vai facer a Xunta ante a alza dos prezos dos servizos básicos?

- Que vai facer a Xunta para mellorar os ingresos dos fogares galegos?

- Avaliou a Xunta o que supón en termos sociais o cambio na estrutura de gasto dos fogares galegos dende antes da crise?

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 09/08/2019 11:28:54

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 11:22:14
Nº Rexistro: 53626
Data envio: 09/08/2019 11:22:14.052

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Rosa Oubiña Solla, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Raquel Arias Rodríguez, Daniel Vega Pérez, Miguel Prado Patiño e **Jackeline Fernández Macías** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

En Galicia existen cinco denominacións de orixe no sector do viño, Ribeiro, Valdeorras, Monterrei, Ribeira Sacra e Rías Baixas, que amparan todas elas a produción de viños de calidade.

O sector vitivinícola galego ten unha gran relevancia no conxunto do sector agrario pero tamén como elemento clave na dinamización socio-económica de amplas zonas do noso territorio, onde a viña é parte fundamental da paisaxe.

Realmente, o sector do viño na nosa Comunidade Autónoma dende os anos oitenta tivo un avance foi espectacular, grazas tanto á positiva evolución da viticultura como á mellora nas condicións de elaboración do viño.

No relativo aos avances en viticultura, hai que sinalar o acerto da aposta que se fixo polas variedades autóctonas, como a albariño, os caíños, a treixadura ou o godello, algunha das cales estaba en franca regresión. Esta aposta permítenos hoxe ter uns viños cunhas características diferenciadas.

As nosas variedades autóctonas son a base duns viños singulares, o que nos facilita abrirnos un espazo propio no mercado. Polo que se refire a mellora das condicións de elaboración, hai que destacar a inversión tecnolóxica das adegas e a profesionalización do sector.

Durante estes anos a Xunta de Galicia fixo un importante esforzo orzamentario para apoiar a vitivinicultura na reconversión e reestruturación dos viñedos galegos.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulanas seguintes preguntas orais en comisión:

1.-Cal é a valoración que fai o Goberno galego dos Plans de reestruturación do sector vitícola galego?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 11:22:14
Nº Rexistro: 53626
Data envio: 09/08/2019 11:22:14.052

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

2.-Que importe económico puxo a Xunta de Galicia a disposición dos viticultores para levar a cabo a modernización do sector?

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Rosa Oubiña Solla na data 09/08/2019 11:14:41

Moisés Blanco Paradelo na data 09/08/2019 11:15:11

Carlos Gómez Salgado na data 09/08/2019 11:16:17

Raquel Arias Rodríguez na data 09/08/2019 11:16:30

Daniel Vega Pérez na data 09/08/2019 11:17:01

Jesús Miguel Prado Patiño na data 09/08/2019 11:17:29

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 09/08/2019 11:17:37

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53609
Data envio: 08/08/2019 14:18:27.109

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2.ª,** sobre o estado de abandono no que se atopa o Souto de Rozabales.

Nas zonas do interior de Galicia consérvanse as mellores representacións dos soutos mansos galegos, plantacións monoespecíficas de castiñeiros enxertados con variedades de froito de calidade, un deles é o de Rozabales, no que medran exemplares de incribles dimensións, cunha fisionomía moi semellante á de todos os castiñeiros vellos e demoucados de Galicia.

Amosan troncos de grandes dimensións que permanecen sen ramificar ata 2-3 m de altura, onde se forma a cruz e comeza a formarse a copa, que se renova cada poucos anos para aproveitar a leña e a madeira e, sobre todo, para favorecer unha boa produción de castañas de bo calibre.

Este espazo foi declarado Monumento Natural pola Xunta de Galicia no ano 2000 e nel, atopase o castiñeiro de Pumbariños, o castiñeiro coñecido máis antigo de Galicia.

Este souto, emprazado sobre unha área de granitos calcoalcalinos deformados, constitúe unha mostra exemplar do tipo de bosques adevesados de castiñeiros, enxertados, de orixe artificial e explotados secularmente por campesiños e campesiñas galegas para a obtención de castañas e madeira (soutos), e na actualidade case restrinxidos ás provincias orientais. Os soutos, un dos elementos fundamentais do noso patrimonio cultural e natural, representan un ecosistema agrosilvopastoral en equilibrio e posúen unha gran biodiversidade, incluíndo a

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53609
Data envio: 08/08/2019 14:18:27.109

presenza de elementos faunísticos pouco comúns na nosa Comunidade Autónoma.

Neste souto encóntranse exemplares de castiñeiro (Castanea sativa) de gran lonxevidade (algún de máis de mil anos) e extraordinaria beleza, auténticos monumentos vexetais. Como exemplar sobresaínte debe citarse pola súa singularidade o coñecido como "Castiñeiro de Pumbariños", cuxo perímetro alcanza os 12,15 m.

O estado actual no que se atopa este souto é lamentable, estando os castiñeiros afectados en elevado grado pola avespiña do castiñeiro e polo chancro, e levando anos sen ser sometido a ningunha clase de poda.

Aparte disto, a falta de limpeza no souto, propiedade da administración autonómica, fai que a maleza creza entre os castiñeiros, elevando así o risco de propagación de incendios forestais nun concello con alta actividade incendiaria.

Por todo o exposto, o deputado que subscribe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do estado de abandono no que se atopa actualmente o Souto de Rozabales?

2. Pensa a Xunta de Galicia destinar medios materiais suficientes para facer os traballos de demouca, roza, vacinación contra o chancro do castiñeiro e a solta de Torimus Sinensis para combater a avespiña neste souto?

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Deputado do G.P. Mixto.

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53609
Data envio: 08/08/2019 14:18:27.109

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 08/08/2019 14:16:06

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 12:02:06
Nº Rexistro: 53630
Data envio: 09/08/2019 12:02:06.321

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Carlos Gómez Salgado, Moisés Blanco Paradelo, Raquel Arias Rodríguez, Daniel Vega Pérez, Miguel Prado Patiño, Jackeline Fernández Macías e **Rosa Oubiña Solla,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

A evolución dos sistemas de produción, manipulación, aplicación de fitosanitarios ou mesmo a comercialización de produtos agrogandeiros, implican o coñecemento e implementación de novos procesos e sistemas, que frecuentemente incorporan aplicacións informáticas e novas tecnoloxías.

Estas innovacións, xunto coa complexidade e diversidade de documentación e expedientes que compre manexar, as veces de extraordinaria complexidade referidas, nomeadamente a protocolos, convocatorias, recursos ou axudas relacionadas coa actividade agrícola e gandeira.

E mesmo, e de xeito particular a necesidade de estar o dia no coñecemento e xeito de afrontar aquelas cuestións que afectan a sanidade tanto vexetal como animal; fan necesario que os gandeiros e agricultores conten con procesos e recursos de asesoramento que melloren a súa formación e información, e que en definitiva, lles permitan o desenvolvemento da súa actividade, con eficiencia na procura da calidade e rendibilidade dos seus produtos.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

-Como afronta a Consellería do Medio Rural a necesidade de asesoramento ós titulares das explotacións agrícolas ou gandeiras?

Santiago de Compostela, 09 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:

Carlos Gómez Salgado na data 09/08/2019 11:57:19

Moisés Blanco Paradelo na data 09/08/2019 11:58:01

Raquel Arias Rodríguez na data 09/08/2019 11:58:12

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 12:02:06
Nº Rexistro: 53630
Data envio: 09/08/2019 12:02:06.321

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Daniel Vega Pérez na data 09/08/2019 11:58:38

Jesús Miguel Prado Patiño na data 09/08/2019 11:58:47

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 09/08/2019 11:59:09

Rosa Oubiña Solla na data 09/08/2019 11:59:15

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 12:21:22
Nº Rexistro: 53633
Data envio: 09/08/2019 12:21:22.889

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Carlos Gómez Salgado, Jackeline Fernández Macías, Daniel Vega Pérez e **Rosa Oubiña Solla,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

O recoñecemento e a certificación das especies autóctonas é imprescindible para potenciar a súa rendibilidade e competitividade no mercado, dotándoas de selos de protección que avalen a súa calidade e a súa distinción como variedades únicas ou específicas dunha rexión. Ao mesmo tempo, no caso de castes descoñecidas ou que perderon relevancia a nivel produtivo, esa estratexia de certificación serve para revalorizalas e impulsalas novamente. O recoñecemento e a certificación das especies autóctonas é imprescindible para potenciar a súa rendibilidade e competitividade no mercado, dotándoas de selos de protección que avalen a súa calidade e a súa distinción como variedades únicas ou específicas dunha rexión. Ao mesmo tempo, no caso de castes descoñecidas ou que perderon relevancia a nivel produtivo, esa estratexia de certificación serve para revalorizalas e impulsalas novamente.

No caso das oliveiras, existen na actualidade dúas variedades autóctonas recoñecidas oficialmente no ano 2017 polo Grupo de Viticultura da Misión Biolóxica de Galicia pertencente ao CSIC, a Brava Galega e a Mansa Galega, únicas en todo o mundo. Este grupo desenvolveu durante seis anos unha liña de investigación centrada nestas dúas castes de oliveiras propias da nosa comunidade, ao tempo que segue estudando as particularidades doutras variedades orixinarias de Galicia, sempre en estreita colaboración coa Xunta de Galicia. No caso das oliveiras, existen na actualidade dúas variedades autóctonas recoñecidas oficialmente no ano 2017 polo Grupo de Viticultura da Misión Biolóxica de Galicia pertencente ao CSIC, a Brava Galega e a Mansa Galega, únicas en todo o mundo. Este grupo desenvolveu durante seis anos unha liña de investigación centrada nestas dúas castes de oliveiras propias da nosa comunidade, ao tempo que segue estudando as particularidades doutras variedades orixinarias de Galicia, sempre en estreita colaboración coa Xunta de Galicia.

De xeito paralelo, a olivicultura rexistrou nos últimos anos un auxe na comunidade galega, cun número crecente de produtores interesados en recuperar este tipo de cultivos, con escasa presenza no modelo produtivo actual pero cunha fonda tradición no noso territorio. De feito, existen referencias históricas sobre a existencia de oliveiras e a produción de aceite en Galicia dende a época dos romanos.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 12:21:22
Nº Rexistro: 53633
Data envio: 09/08/2019 12:21:22.889

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Dende o 2015 os olivicultores das catro provincias galegas agrúpanse na Asociación de Produtores de Aceite e Aceituna de Galicia (APAAG), na que teñen cabida particulares e empresas e que conta con máis dun cento de asociados.

Desta maneira, a certificación das dúas variedades autóctonas galegas recoñecidas polo Consello Superior de Investigacións Científicas podería supoñer un impulso para o sector olivícola galego, abrindo novas posibilidades de comercialización en base a un selo de calidade que fale da súa excelencia e distinción, e favorecendo o desenvolvemento dunha actividade económica rendible alternativa para o rural galego e a industria agroalimentaria. desenvolvemento dunha actividade económica rendible alternativa para o rural galego e a industria agroalimentaria.

Cabe destacar que a certificación da Brava Galega e da Mansa Galega tamén contribuiría ao coñecemento por parte da sociedade do noso potencial agrícola e olivícola, así como de Galicia como terra de grande riqueza en materias primas únicas no mundo.

Polos grandes beneficios que implica a certificación de variedades autóctonas, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

-Cal é o estado de certificación de especies autóctonas galegas como as oliveiras?

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 09/08/2019 12:17:49

Moisés Blanco Paradelo na data 09/08/2019 12:18:05

Jesús Miguel Prado Patiño na data 09/08/2019 12:18:19

Carlos Gómez Salgado na data 09/08/2019 12:18:37

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 09/08/2019 12:19:08

Daniel Vega Pérez na data 09/08/2019 12:19:16

Rosa Oubiña Solla na data 09/08/2019 12:19:27

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 12:22:35
Nº Rexistro: 53636
Data envío: 09/08/2019 12:22:35.003

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No 60 por cento dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 por cento dese ano ao 16,4 por cento do 2016, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

O Complexo Residencial de Persoas Dependentes (CRAPD), situado en Vigo, está formado por centros de xestión propia da Xunta de Galicia que contan con 454 prazas para persoas dependentes. Dende o Grupo Parlamentario Socialista tivemos coñecemento de que ademais dos problemas de sobrecarga de traballo do persoal que traballa neste centro (unha problemática xeneralizada en todos os centros que dependen da Consellería de Política Social), e a non cobertura das baixas e vacacións do persoal, da existencia dunha elevada conflitividade laboral, e falla de diálogo entre a representación legal das traballadoras e traballadores coa dirección. De feito, recentemente abriuse expediente disciplinario e proposta de sanción disciplinaria a catro auxiliares de enfermaría traballadoras deste centro, segundo a dirección polo non acompañamento dun residente dende o terceiro andar ao primeiro. Por ditos feitos motivados, tal e como denunciou o propio comité de empresa, pola comunicación ás traballadoras de ordes contraditorias dende diferentes departamentos, se lles impón unha sanción de

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 12:22:35
Nº Rexistro: 53636
Data envío: 09/08/2019 12:22:35.003

suspensión de emprego e soldo durante dez días, e a expulsión das listas de contratación por ese período.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación laboral do Complexo Residencial de Persoas Dependentes de Vigo (CRAPD)?
2. Considera o Goberno galego que a sanción imposta recentemente a catro auxiliares de enfermaría deste centro, por supostamente non baixar a un residente a outro andar, é proporcionada?
3. Ten previsto tomar medidas para reducir a conflitividade laboral no CRAPD Vigo?
4. En caso afirmativo, que medidas vai poñer en marcha?
5. No CRAPD de Vigo, estanse a cubrir o 100 por cento dos días de permiso, vacacións, e IT do persoal?
6. Considera a Xunta de Galicia que o persoal do centro sofre sobrecarga de traballo?
7. Ten previsto o Goberno galego, durante a X lexislatura, incrementar os gastos de funcionamento e de persoal das residencias públicas de maiores da nosa comunidade autónoma?

Pazo do Parlamento, 09 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 09/08/2019 12:21:22

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/08/2019 12:21:32

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Julio Torrado Quintela na data 09/08/2019 12:21:43

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 12:44:29
Nº Rexistro: 53637
Data envio: 09/08/2019 12:44:29.390

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Carlos Gómez Salgado, Jackeline Fernández Macías , Daniel Vega Pérez e **Rosa Oubiña Solla,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

A Xunta vén concedendo nos últimos anos cuantiosas axudas económicas aos apicultores galegos co obxectivo de apoialos á hora de afrontar os principais retos e ameazas desta actividade económica á que se dedican preto de 4.000 produtores, dos cales aproximadamente 150 teñen a apicultura como sustento principal ou único. A Xunta vén concedendo nos últimos anos cuantiosas axudas económicas aos apicultores galegos co obxectivo de apoialos á hora de afrontar os principais retos e ameazas desta actividade económica á que se dedican preto de 4.000 produtores, dos cales aproximadamente 150 teñen a apicultura como sustento principal ou único.

O Goberno galego xa avanzou a finais do pasado ano, cando se deron a coñecer os orzamentos de 2019, un novo incremento nas partidas da Consellería de Medio Rural para subvencións aos apicultores, un sector estratéxico na industria agroalimentaria de Galicia. Sen esquecer o papel vital das abellas para o ecosistema, o principal polinizador do planeta. O Goberno galego xa avanzou a finais do pasado ano, cando se deron a coñecer os orzamentos de 2019, un novo incremento nas partidas da Consellería de Medio Rural para subvencións aos apicultores, un sector estratéxico na industria agroalimentaria de Galicia. Sen esquecer o papel vital das abellas para o ecosistema, o principal polinizador do planeta.

Cabe destacar que o mel galego é un produto artesanal cunha longa tradición no noso territorio e altamente valorado polos consumidores debido ás súas excelentes calidades, mentres o sector apícola galego xoga un papel relevante non só na economía da nosa comunidade, senón tamén no mercado español. O mel comercializado baixo a Indicación Xeográfica Protexida *Mel de Galicia* goza dunha especial consideración e prestixio, ata o punto de que máis da metade do mel certificado que sae á venda no Estado ten orixe galega.

Aínda así, a produción de mel é unha actividade comercial sumamente condicionada por factores externos, que poden diminuír a produción e comprometer a súa sostibilidade, como as condicións meteorolóxicas e medioambientais, os cambios nos usos dos solos, os parasitos e enfermidades ou a proliferación de especies exóticas como a vespa velutina, que afectan á supervivencia da colmea.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2019 12:44:29
Nº Rexistro: 53637
Data envio: 09/08/2019 12:44:29.390

Circunstancias ás que se suma á crecente importación de mel de fóra da Unión Europea, especialmente de países cunhas normativas de seguridade alimentaria menos rigorosas que as da UE e que, debido ao modelo de etiquetaxe actual, se confunden nos mercados co mel galego, que si ten que superar uns estritos controis de calidade, especialmente se falamos do amparado baixo a IXP.

"Dende o 6.10.2005 a entidade Viñedos del Miño, S.L., xestionou, mediante concesión, a Casa Reitoral de Pazos de Arenteiro en Boborás (Ourense) para uso hoteleiro, tras a tramitación do expediente para a adxudicación mediante concurso e por procedemento aberto. O contrato establece unha duración de doce anos a contar desde a entrega formal do inmoble, salvo resolución do mesmo, e entenderase prorrogado de xeito automático por períodos de tres anos, ata o límite de vinte e cinco anos, se non houbera algún requirimento previo de 6 meses por algunha das partes. O 1 de marzo de 2017 notificouse á concesionaria o requirimento previo, cunha antelación de seis meses, á entidade concesionaria Viñedos del Miño SL, aos efectos de non prorrogar o contrato de xestión,

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/08/2019 12:27:22
Nº Rexistro: 53734
Data envío: 12/08/2019 12:27:22.129

mediante concesión, da Casa Reitoral de Pazos de Arenteiro en Boborás(Ourense). A concesión rematou o 6 de outubro de 2017.Na recepción do inmoble, polo persoal técnico da Axencia indicáronse unhas reparacións que lle correspondían á concesionaria por tratarse de defectos imputables á súa conservación e mantemento, o que se levou a cabo pola concesionaria.
A día de hoxe, xa rematadas as actuacións que a concesionaria asumiu realizar, o concello de Boborás manifestou a súa vontade de facerse cargo do inmoble, posto que isto permite un maior control da futura concesión. A Axencia Turismo de Galicia está a tramitar a realización do correspondente expediente de concesión demanial, ao abeiro do disposto na Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio de Galicia"

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Durante canto tempo estivo a antiga casa reitoral de Pazos de Arenteiro (Boborás), funcionando como un establecemento de turismo rural?
2. Tramitou a Axencia Turismo de Galicia o expediente de concesión demanial ao Concello de Boborás da antiga casa reitoral de Pazos de Arenteiro?
3. En que data se realizou?
4. En caso de que non se realizara, a que se debe este retraso?
5. Ten información a Xunta de Galicia a respecto de si o Concello de Boborás ten previsto licitar en próximas datas, a concesión deste inmoble?
6. Cal foi o orzamento que a anterior concesionaria, Viñedos del Miño S.L, dedicou ás reparacións efectuadas por falla de mantemento e conservación da antiga casa reitoral de Pazos de Arenteiro?
7. Considera a Xunta de Galicia que dito inmoble está na actualidade en perfectas condicións para albergar un establecemento de turismo rural?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María del Carmen Rodríguez Dacosta
José Manuel Pérez Seco
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 12:24:15

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/08/2019 12:24:26

Jóse Manuel Pérez Seco na data 12/08/2019 12:24:40

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/08/2019 12:24:54

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53738
Data envio: 12/08/2019 14:05:12.583

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O grupo internacional de traballo en obesidade (IOTF) e a Organización Mundial da Saúde (OMS), definiron a obesidade como a epidemia do século XXI polas dimensións adquiridas ao longo das últimas décadas, o seu impacto sobre a morbimortalidade, a calidade de vida e o gasto sanitario.

Cada vez se dispón de evidencia máis uniforme sobre o impacto da obesidade na maior parte das enfermidades crónicas, non só en relación coas cardiovasculares, senón tamén con outros problemas frecuentes como a diabetes tipo 2, a artrose, os problemas psicolóxicos e mesmo algúns tipos de cancro, tales como o de colon, o de mama e o de endometrio O importante impacto sobre as enfermidades crónicas, o custo sanitario, a calidade de vida e as súas crecentes dimensións configuran a obesidade como un importante problema de saúde pública. Así o recoñeceu a OMS na estratexia global en nutrición e actividade física aprobada en maio de 2004, urxindo aos países membros a desenvolver plans de acción encamiñados a promover hábitos alimentarios saudables e a estimular a práctica habitual de actividade física como principais estratexias preventivas.

Segundo os datos da Enquisa Nacional de Saúde publicados polo Instituto Nacional de Estatística, o 64,6 % dos galegos e galegas, máis de 1,7 millóns, valoraron o seu estado de saúde xeral como “moi bo” ou “bo” durante 2017, mentres que, no outro extremo, 39.100 declararon ter un estado de saúde “moi malo”. Con respecto ás características físicas da poboación, a Enquisa Nacional de Saúde de España 2017 realizada polo Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social, reflicte que no referente ao Índice Masa Corporal en relación á comunidade autónoma de nacemento, en Galicia hai un 59,75 % da poboación maior de 18 anos que sofre sobrepeso ou obesidade, é dicir que ten un peso por enriba do que se considera como normopeso, a segunda máis elevada de todo España (soamente por detrás da Rexión de Murcia), e cinco puntos superior á media estatal.

No caso da poboación infantil, a pesares de que os datos da enquisa de 2017 do Ministerio indican que na actualidade o número de nenos e nenas de entre 2 e 17

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53738
Data envio: 12/08/2019 14:05:12.583

anos que ten un peso por enriba do que se considera como normopeso é inferior á media estatal, son un 23,29 % os e as nenos e nenas que sofren sobrepeso ou obesidade, datos que se os analizamos en función do sexo son superiores nos homes que nas mulleres.

No ano 2013 a Xunta de Galicia puña en marcha o Plan Xermola, cuxo obxectivo era "diminuír a prevalencia da obesidade na poboación infantil e xuvenil de Galicia (menores de 18 anos) nun prazo de 8 anos, mellorar o patrón alimentario e de actividade física da poboación infantil e xuvenil como principais determinantes actuais desta patoloxía e actuar sobre outros que vaia identificando a evidencia científica". Seis anos despois da súa posta en marcha, non temos coñecemento de que haxa unha avaliación do mesmo, todo elo cando a taxa de nenos e nenas que teñen un peso maior ao considerado como normopeso, segue sendo alarmante, un problema grave que se debe abordar con urxencia, xa que pode afectar á súa saúde inmediata, así como ao nivel educativo que poden alcanzar, e a súa calidade de vida

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno galego elevada a taxa de galegos e galegos maiores de 18 anos que sofren sobrepeso ou obesidade?
2. Que valoración fai a Xunta de Galicia da porcentaxe de menores de 18 anos que sofren na nosa Comunidade Autónoma sobrepeso ou obesidade?
3. Seis anos despois da súa posta en marcha, qué valoración fai a Xunta de Galicia da aplicación do Plan Xermola?
4. Publicáronse informes de seguimento?
5. En caso afirmativo, que resultados e recomendacións se recollen no mesmo?
6. Que medidas ten previsto poñer en marcha a Xunta de Galicia durante a X lexislatura para reducir a taxa de galegos e galegas con un peso maior ao considerado como normopeso?
7. Ten previsto a Xunta de Galicia promover durante a X lexislatura, campañas educativas para a promoción da actividade física e alimentación saudable e equilibrada a través da escola e dos comedores escolares?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 12:35:38

Julio Torrado Quintela na data 12/08/2019 12:35:48

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53740
Data envío: 12/08/2019 14:08:08.996

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Dende o Grupo Socialista consideramos unha prioridade a posta en marcha dun Plan xeral de reordenación, modernización e mellora da rede de centros de saúde de Atención Primaria, a fin de que este servizo asistencial básico sexa o máis axeitado ás necesidades actuais. Neste marco, Ourense non pode, como ocorreu nas anteriores lexislaturas dos gobernos do PP e a pesares das demandas dos veciños e veciñas de Ourense e de xeito singular dos barrios con maior poboación, quedar atrás na construción dos novos equipamentos sanitarios.

A anterior equipa de Goberno socialista (2007-2015) do Concello de Ourense, xa puxera a dispor da Xunta de Galicia e cedera unha parcela de titularidade municipal no barrio do Vinteún para a nova infraestrutura sanitaria, e fixera ademais un esforzo adicional para a súa explanación e urbanización de xeito previo. Ademais facilitou tamén á Administración autonómica no ano 2010, seis posibles situacións para a construción do novo centro de saúde en Mariñamansa, dando resposta á demanda trasladada polos representantes de 18 asociacións veciñais do sur da cidade na que expoñían que *"o edificio do actual Centro de Saúde de Mariñamansa, co paso do tempo quedou pequeno e non pode albergar novas infraestruturas para facer cirurxía menor, espazos para educación maternal e de fomento do aleitamento natural, etc."* e demandaban previsión de solo para novas infraestruturas sanitarias.

Pasadas xa máis de dúas lexislaturas dende o inicio do trámites por parte do Concello para poñer a dispor os terreos co único fin de que a Xunta de Galicia, dende o 2009 gobernada polo PP, comprometera e executara as 3 obras para a construción de novos equipamentos sanitarios en O Couto, O Vinteún e Mariñamansa; a día de hoxe, só se acadou a construción do novo centro de saúde para o barrio do Couto, posto en marcha hai pouco máis dun ano, e que se licitou no ano 2012.

O pasado 25 de xaneiro coñeciamos o anuncio da aprobación por parte do Consello da Xunta de Galicia da construción do novo centro de saúde do Vinteún, dentro dun paquete de 25 centros de saúde que a propia Xunta de Galicia promete

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53740
Data envio: 12/08/2019 14:08:08.996

construír e reformar en toda Galicia. Oito anos despois sen dar luz verde dende o Goberno galego a esta dotación sanitaria fundamental para Ourense, e a escasos meses da celebración das eleccións municipais, este anuncio do goberno de Feijoo semella soamente publicidade e propaganda.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia a construción en Ourense de novos centros de saúde nos barrios do Vinteún e de Mariñamansa?
2. Por que demorou o Goberno galego a construción destes centros de saúde?
3. Cal é o calendario que ten previsto a Xunta de Galicia para o inicio, execución, e remate dos novos centros de saúde de Ourense, en concreto dos barrios do Vinteún e de Mariñamansa?
4. Iniciou o Goberno galego os contactos co Concello de Ourense para que no referente a cesión definitiva de terreos, xestión de licenzas, modificacións precisas, etc. se acade que os dous novos centros de saúde de O Vinteún e de Mariñamansa estean rematados o máis axiña posible?
5. Coñece a Xunta de Galicia a intención do Concello de Ourense de ceder terreos para a construción destes dous centros de saúde?
6. En caso afirmativo, cal é a situación exacta deses terreos?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 14:06:53

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/08/2019 14:07:03

Julio Torrado Quintela na data 12/08/2019 14:07:12

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53742
Data envio: 12/08/2019 14:08:34.158

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Segundo os datos do INE de 2016, Ourense lidera en Galicia a taxa de mortalidade por infarto de miocardio por cada 100.000 habitantes, cunha porcentaxe do 59,7. Ademais, esta cifra sitúa á provincia 27 puntos por riba da media estatal. Na actualidade o servizo de hemodinámica do CHUOU non está dispoñible as 24 horas do día, o que provoca centos de traslados ao Complexo Hospitalario de Vigo, o centro de referencia cando o servizo non está activo.

Nos infartos é fundamental unha atención inmediata e os traslados provocan o aumento do tempo de agarda e a redución das posibilidades de supervivencia. En Ourense, de media, tardan por exemplo 1 hora máis na apertura da arteria causante do infarto que en Santiago, o que supón dende o punto de vista do Grupo Socialista unha vulneración dos principios de equidade e seguridade dos e das pacientes.

A marxinación que durante estes anos sufriu Ourense, era ata o de agora moi similar no caso de hemodinámica á de Lugo, ata que o pasado 24 de xaneiro o conselleiro de Sanidade anunciaba que o Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA), contará co servizo de hemodinámica as 24 horas como reivindicaron persoal sanitario e usuarios e usuarias durante anos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que o Goberno galego mantén á provincia de Ourense como a única que non vai contar no futuro máis próxima cun servizo de hemodinámica as 24 horas do día?
2. Considera necesario a Xunta de Galicia ampliar o servizo de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense para que o servizo se preste as 24 horas?
3. En caso afirmativo, cando ten previsto levar a cabo esta ampliación?
4. Considera a Xunta de Galicia que a cidadanía galega ten as mesmas oportunidades de acceder en igualdade de condicións aos servizos

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53742
Data envio: 12/08/2019 14:08:34.158

cardiolóxicos?

5. Cre o Goberno galego que esta igualdade de condicións de acceder aos servizos cardiolóxicos e aos tratamentos de hemodinámica se produce na provincia de Ourense?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 14:03:49

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/08/2019 14:03:58

Julio Torrado Quintela na data 12/08/2019 14:04:07

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53745
Data envio: 12/08/2019 14:22:06.706

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Maribel Novo Fariña, Paula Prado del Río, Jose Manuel Rey Varela, Jacobo Moreira Ferro, Beatriz Mato Otero, Alberto Pazos Couñago e Julia Rodríguez Barreira deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O goberno galego aprobou a finais do ano 2017 o decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e os concellos na selección de membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, a través do cal se instrumentaba a posibilidade de que a Xunta de Galicia asumise a selección dos policías locais de Galicia a través da sinatura de convenios de delegación de competencias cos concellos interesados.

Deste xeito, coas convocatorias unificadas, acadase unha maior eficiencia e eficacia nos recursos públicos. Os concellos aforran os custes que supoñen os procesos selectivos, mais aínda se teñen en conta as particularidades e número de probas a desenvolver nos mesmos e garanten a cobertura das prazas. E a Administración autonómica, pola súa banda, e dentro das súas funcións, acada unha elevada coordinación nesta materia e colabora activamente coas entidades locais.

Polo tanto, e tendo en conta que xa finalizaron os primeiros procesos selectivos convocados pola Xunta de Galicia a través da Academia Galega de Seguridade Pública, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas para resposta oral en Comisión:

- Cantos concellos se adheriron ás convocatorias unificadas?
- Cales foron os resultados do primeiro proceso selectivo unitario nas convocatorias de ingreso na policía local e auxiliares de policía local?
- Existen previsións de levar a cabo convocatorias unificadas nas categorías superiores á policía?
- Hai movemento e uso da listaxe de colaboración para a contratación de persoal auxiliar de policía local?

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2019.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53745
Data envio: 12/08/2019 14:22:06.706

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

María Isabel Novo Fariña na data 12/08/2019 14:18:43

Paula Prado Del Río na data 12/08/2019 14:18:55

José Manuel Rey Varela na data 12/08/2019 14:19:07

Alberto Pazos Couñago na data 12/08/2019 14:19:31

Jacobo Moreira Ferro na data 12/08/2019 14:19:58

Beatriz Mato Otero na data 12/08/2019 14:20:22

María Julia Rodriguez Barreira na data 12/08/2019 14:20:34

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53747
Data envio: 12/08/2019 14:31:40.803

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta e José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.**

Tal e como figura na propia páxina web da Evega (*Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia),* organismo dependente da Consellería de Medio Rural, "inaugurouse o 5 de novembro de 1985, coa finalidade de dar un impulso ao sector vitivinícola galego. Nun primeiro momento a súa configuración inicial estaba baseada na investigación aplicada en novos sistemas de produción de uva e viño; o asesoramento especializado e personalizado a viticultores e adegueiros; a formación a través de actividades a todos os niveis para os diferentes axentes do sector e a divulgación dos resultados obtidos nas investigacións. Posteriormente púxose o laboratorio a dispor dos consellos reguladores de Galicia para a análise dos viños e derivados. En xullo de 1997, inaugurouse a Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía (EEVE) no concello de Ribadumia, como subestación dependente da Evega."

A Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Galicia, situada no concello ourensán de Leiro, atende consultas que chegan dende adegas ou particulares sobre cuestións técnicas e desenrola proxectos de investigación para darlle respostas as necesidades do sector. O centro viña funcionando ata o de agora con normalidade, realizando análise de viños, augardentes … e tamén asesoramento de temas relativos á viticultura (información sobre portainxertos, enfermidades do viñedo…). Un servizo moi importante para esta comarca, cunha denominación de orixe, a do Ribeiro, que é a máis antiga de todo Galicia, e que conta con 2.800 hectáreas de viñedo e máis cen adegas. Ademais, a pesares do intenso despoboamento que sofre a provincia de Ourense (disparouse a perda de habitantes ata un 128 % dende 2013 a 2018) e a elevada idade media da poboación (un terzo dos ourensáns e ourensás teñen máis de 65 anos), este sector actúa no Ribeiro como motor da economía desta comarca grazas en gran medida ao relevo xeracional, e incluso a chegada de mozos e mozas procedentes do ámbito urbano, o que fai desta a denominación de orixe con máis mocidade no viñedo, e onde máis da metade dos colleiteiros en activo ten menos de 41 anos.

Recentemente o Grupo Socialista tiña coñecemento de que trala xubilación dun

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53747
Data envio: 12/08/2019 14:31:40.803

enólogo e dun especialista en viticultura do centro que o Evega ten en Leiro (Ourense), estas prazas levan preto dun ano sen cubrir, e a lectura das analíticas e o asesoramento en aspectos técnicos da viticultura se realiza en moitos casos vía telefónica por técnicos e técnicas da Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Ribadumia, dependente tamén da Consellería de Medio Rural.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que non se cubriron na Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Galicia, as vacantes por xubilación dun enólogo e dun especialista en viticultura?
2. Cal é a alternativa, mentres non se cobren estas vacantes, que a Xunta de Galicia está dando á resolución de consultas técnicas que realizan ao Evega as adegas e/ou particulares?
3. Canto tempo levan estas prazas vacantes?
4. Ten previsto a Xunta de Galicia cubrir estas prazas?
5. En caso afirmativo, cando ten previsto facelo?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María del Carmen Rodríguez Dacosta
José Manuel Pérez Seco
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 14:18:59

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/08/2019 14:19:09

Jóse Manuel Pérez Seco na data 12/08/2019 14:19:23

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53749
Data envio: 12/08/2019 14:32:08.703

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A poboación menor de 18 anos, destinataria da Convención sobre os Dereitos do Neno, cífrase en Galicia en 410.674 nenos e nenas, que representan o 14,5 % da poboación total.

Todos os programas e proxectos de acción que implementen os organismos públicos e que afecten á infancia deben estar baseados na Convención sobre os Dereitos do Neno, recollendo os principios reitores deste tratado internacional, que son: a non discriminación, o interese superior do neno, o dereito á supervivencia e o desenvolvemento, e o dereito á participación.

A Convención sobre os Dereitos do Neno establece, en forma de Tratado internacional, que os Estados Partes deben asegurar que todos os nenos e nenas gozan dos dereitos e liberdades que consagra o Tratado; que teñen acceso á educación e aos servizos de saúde, que poden desenvolver plenamente as súas capacidades físicas, psíquicas, sociais e morais; que crecen nunha contorna de felicidade, protección, benestar e comprensión, que gozan do esparexemento, a cultura, as artes e o deporte e que poden participar dunha forma accesible e activa en todo este proceso.

O 6 decembro de 1990 España ratificou a Convención sobre os Dereitos do Neno, por canto debe observala e facer que se cumpra en todas as súas partes. A Constitución Española no seu Artigo 10.2 afirma que as normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades, interpretaranse de conformidade coa Declaración Universal de Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais. Así mesmo, no seu Artigo 96.1 CE sinala que os tratados internacionais validamente celebrados formarán parte do ordenamento interno.
No ámbito estatal, tras vinte anos dende a aprobación da Lei orgánica 1/1996 de Protección xurídica do Menor, recentemente aprobáronse a Lei 26/2015 de protección á infancia e á adolescencia, e a Lei orgánica 8/2015 de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, co obxectivo de garantir unha protección uniforme aos menores de idade en todo o Estado.

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53749
Data envio: 12/08/2019 14:32:08.703

No ámbito da nosa comunidade autónoma, o Estatuto de autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa no campo da protección da familia, da infancia e da adolescencia nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (artigo 27, apartados 23º e 24º, dos que o primeiro deles da lugar ás transferencias de funcións nas materias de servizos e asistencia sociais), e das institucións de protección e tutela de menores.

A pesares do cal o ámbito normativo galego relativo á infancia redúcese ao Título II da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia, que se dedica á infancia e á adolescencia, e a ordes específicas. Non existe sen embargo en Galicia, tal e como si que acontece en outras comunidades autónomas, unha lei de protección á infancia, nin órganos e estruturas dedicadas especificamente á análise da situación e a defensa dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes.

Motivo polo cal o informe recentemente publicado por UNICEF "A infancia en Galicia 2018", destaca entre outras moitas consideracións "a escasa atención, tanto no plano normativo coma documental, que se lle prestou á situación da infancia en Galicia".

Ademais, no relativo ás estratexias e plans no marco da infancia elaborados pola Xunta de Galicia nestes últimos anos, ou ben acumulan grandes retrasos levando anos en fase de borrador, ou non se dispón dun informe de impacto das mesmas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno galego que a nosa comunidade autónoma precisa dunha lei de protección á infancia específica?
2. En caso afirmativo, ten previsto impulsala durante a X lexislatura?
3. Cando ten previsto a Xunta de Galicia poñer en marcha a Estratexia Galega de Infancia e Adolescencia (EGIA 2016-2020)?
4. Cales foron os motivos que levan ao retraso na posta en marcha do Observatorio Galego da Familia e Infancia?
5. Considera a Xunta de Galicia que se está traballando o suficiente na elaboración e difusión de informes da situación da infancia na nosa comunidade autónoma?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 14:21:23

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/08/2019 14:21:32

Julio Torrado Quintela na data 12/08/2019 14:21:41

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53751
Data envio: 12/08/2019 14:32:39.420

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez e **Concepción Burgo López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O Concello de Allariz, situado en Ourense, ten unha das porcentaxes máis altas da provincia de Ourense de poboación menor de vinte anos, así como un alto número de nacementos, 38 no ano 2015, de maneira contraria á tendencia da maioría dos concellos de menos de 10 000 habitantes da provincia que sofren un grave problema demográfico.

A pesares desta situación, dende o Grupo Socialista coñeciamos, a través dos pais e nais afectados, a resolución da Consellaría de Educación pola que se acorda reducir a dúas as liñas de escolarización previstas para o vindeiro curso 2018-2019 no CEIP Padre Feijoo de Allariz no segundo ciclo de educación infantil.

Esta decisión incumpre o establecido *no artigo 4 a) da Orde do 12 de marzo de 2013 que desenvolve o Decreto 254/2012, de 13 de decembro,* polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na L*ei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación*), no segundo ciclo de educación infantil e primaria o número de alumnos e alumnas que determinarán a unidade escolar é de 25.

A día de hoxe constan matriculados e matriculadas 51 alumnas e alumnos e, polo tanto, excédese o baremo legalmente establecido na orde (sen contarmos aínda coas posibles matriculacións que se poidan producir en setembro e o longo do curso).

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son os motivos polos que a Xunta de Galicia incumpre a ratio de alumnado en educación infantil no CEIP Padre Feijoo de Allariz (Ourense)?
2. Considera a Xunta de Galicia que este incumprimento favorece o proceso de aprendizaxe do alumnado?

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

3. Que valoración fai a Xunta de Galicia das mobilizacións levadas a cabo nas pasadas semanas?
4. Reuniuse o Goberno galego con este colectivo?
5. En caso afirmativo, chegouse a algún tipo de acordo?
6. Vai tomar a Xunta de Galicia algunha medida para corrixir esta situación?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 14:23:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/08/2019 14:23:55

Maria de la Concepción Burgo López na data 12/08/2019 14:24:04

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53753
Data envío: 12/08/2019 14:33:13.582

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta e **Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A concepción da Atención Primaria como porta de entrada do Sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis próxima.

Unha Atención Primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o Sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servicios sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

Dende a chegada ao Goberno de Núñez Feijoo en 2009 o Sistema público de saúde soamente ten contratado de maneira estable a, aproximadamente, un 15 % facultativos de Atención Primaria dos que se producen en Galicia, segundo os datos do propio Goberno. Unha cifra tan baixa resulta a todas luces insuficiente para cubrir as necesidades dun sistema que precisa unha dispersión notoria e unha forte implantación no territorio, para paliar os problemas demográficos antes sinalados. Unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servicios, afastando a atención dos e das cidadáns. A vontade recortadora do Goberno da Xunta de Galicia prexudica claramente a calidade asistencial do sistema, ao deixar con capacidade mínima, ou por debaixo dela, a moitos centros que non teñen persoal suficiente, que deben de deixar centros sen

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53753
Data envío: 12/08/2019 14:33:13.582

atención porque os profesionais teñen que saír a cubrir urxencias ou pola saturación dos existentes a causa dunha errática planificación.

Nestes últimos anos o Goberno galego está a reducir de persoal nos centros de atención Primaria na nosa comunidade autónoma, sobre todo nos concellos do rural, a través da non substitución de baixas por enfermidade, ou a amortización de prazas.

Na provincia de Ourense son moitos os exemplos desta vontade recortadora en materia sanitaria do Goberno galego, ao que segundo as informacións que dende o Grupo Parlamentario Socialista coñecemos recentemente, teremos que engadir un novo no centro de saúde de Rubiá. Neste centro traballaban ata o de agora dous médicos, trala xubilación dun deles no mes de agosto, a Xunta de Galicia decidiu que a partires dese momento soamente preste este servizo unha persoa, amortizando a outra praza, o que xerará unha perda de calidade no servizo provocada por unha sobrecarga de traballo, e merma na atención aos pacientes polo xustificado número de citas, extracción para analíticas, urxencias en horario de mañá, e atención domiciliaria nun concello cunha elevada dispersión da poboación que segundo datos do IGE do ano 2017 contaba con 1.462 habitantes, o 41 % dos cales teñen máis de 65 anos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que decidiu a Xunta de Galicia reducir o número de prazas de médicos no Centro de Saúde de Rubiá (Ourense)?
2. Considera o Goberno galego que é suficiente para cubrir a demanda existente, que o centro de saúde de Rubiá (Ourense) conte a partir de agora soamente cun médico?
3. Que impacto cre o Goberno galego que terá esta medida na atención aos pacientes?
4. Ten previsto a Xunta de Galicia restablecer o número de prazas de médicos co que se contaba ata o de agora?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 53753
Data envio: 12/08/2019 14:33:13.582

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 14:29:18

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/08/2019 14:30:37

Julio Torrado Quintela na data 12/08/2019 14:30:47

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:57:02
Nº Rexistro: 53755
Data envío: 13/08/2019 09:57:02.979

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e **Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A evidencia científica demostrou a importancia dos estilos de vida na saúde da poboación e confirmou que o contexto social onde desenvolven a súa vida desempeña un papel fundamental na etioloxía e evolución de calquera enfermidade, entendendo como determinantes sociais da saúde as circunstancias en que as persoas nacen, desenvólvense, envellecen e morren, así como os sistemas establecidos para combater a enfermidade, o que a súa vez depende dun marco máis amplo de políticas económicas e sociais.

De feito, cando un sistema sanitario pon a énfase na asistencia clínica, deixando de lado a atención social, os problemas de saúde non se resolven completamente e córrese o risco de que os recursos sanitarios se utilicen de xeito inadecuado.

Nos últimos anos, todas as comunidades autónomas estruturan a organización e funcionamento do Traballo Social Sanitario en Atención Primaria de Saúde e no sistema de saúde, recollendo que o Traballo Social indaga nos factores sociais ou determinantes que inflúen na saúde das persoas, grupos e comunidades.

O traballo social en saúde pódense definir como unha técnica de intervención dentro do campo da saúde e o ámbito social, que promove o desenvolvemento das habilidades das persoas e actúa sobre a contorna para incidir nos factores que se relacionan con estilos de vida como profesionais inmersos no sistema sanitario. Os e as que participan desta tarefa (asistencial e preventiva), ocúpanse dos aspectos psicosociais do individuo, a través do estudo, diagnóstico e tratamento dos factores sociais que concorren no mantemento da saúde e na aparición da enfermidade das persoas, os grupos e as comunidades, colaborando en potenciar o carácter social da medicina. No plano individual e familiar achegan alternativas ou solucións ás dificultades/problemas sociais que sofren coa aparición e o desenvolvemento da enfermidade, co obxectivo de evitar os desaxustes sociofamiliares que se producen como consecuencia da perdida de saúde, establecendo un sistema de participación dos pacientes e/ou familiares na atención individual e a toma de decisións terapéuticas.

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:57:02
Nº Rexistro: 53755
Data envío: 13/08/2019 09:57:02.979

A pesar de que no ámbito sanitario, os e as traballadoras sociais forman parte do sistema sanitario e son o punto de unión entre o sistema sanitario e o sistema de servizos sociais, non se lles deu a relevancia que merecen, tendo en conta o déficit de persoal na sanidade pública galega destes profesionais, tanto en a Atención Primaria como na Atención Especializada.

Os e as traballadoras sociais son profesionais idóneos para saber en cada caso e en cada situación cales son os elementos que deben poñerse en xogo para devolver ao individuo ou á comunidade a situacións máis normalizadas, ademais de estar academicamente preparados para abordar, atender e poñer en marcha os mecanismos de resolución dos aspectos sociais que inciden no marco da saúde persoal, familiar, grupal e comunitaria.

Ademais en Galicia, onde no 60 % dos municipios a idade media supera os cincuenta anos (tres anos máis que España e case sete máis que na UE), o papel destes profesionais na atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores é prioritario, para garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto.

O Servizo Galego de Saúde carece do número suficiente destes profesionais para que poidan prestar os seus servizos en cada un dos Equipos Básicos de Saúde de Atención Primaria, debendo compartir distintas áreas e formar parte de varias equipas, o que supón, entre outras accións, que non poidan levar a cabo os estudos necesarios dos factores de risco e protección relacionados coa saúde dos individuos e as familias, nin planificar intervencións, así como non poder avaliar e manter programas integrais de intervención en saúde comunitaria.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno galego que son suficientes, para garantir unha atención social de calidade no ámbito sanitario, o número de traballadores e traballadoras sociais que prestan na actualidade os seus servizos no Servizo Galego de Saúde?
2. Que valoración fai a Xunta de Galicia do papel destes profesionais no ámbito sanitario?
3. Con cantos traballadores e traballadoras sociais conta na actualidade o servizo público de Atención Primaria na nosa comunidade autónoma?

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

4. Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar durante a X lexislatura o número de traballadores e traballadoras sociais en Atención Primaria?
5. En caso afirmativo, canto se van a incrementar?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 15:22:30

Julio Torrado Quintela na data 12/08/2019 15:22:40

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:57:35
Nº Rexistro: 53757
Data envío: 13/08/2019 09:57:35.476

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, **Julio Torrado Quintela e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O envellecemento poboacional constitúe unha realidade e singular característica para Galicia, que irá en aumento nos próximos anos, sen que teña para moitas das persoas maiores unha axeitada resposta por parte dos poderes públicos e en concreto por parte da Comunidade Autónoma, competente en materia de servicios sociais que inclúe ás políticas de familia, benestar social, inclusión social, servicios comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores.

O plan de traballo do Consello de Contas para o ano 2016, aprobado polo Pleno do Consello o 4 de decembro de 2015, contemplaba a realización dun informe sobre o gasto público autonómico en centros residenciais para persoas maiores e persoas con discapacidade. Recentemente coñeciamos dito documento que arroxa preocupantes datos sobre a situación da atención aos maiores na nosa comunidade autónoma.

O informe sinala nas súas conclusións que a ratio de prazas residenciais en Galicia é inferior á media estatal, e sitúase moi por debaixo do recomendado pola OMS, producíndose ademais nestes últimos anos un maior incremento das prazas privadas(na actualidade o 65 % do total das prazas ofertadas) en detrimento das xestionadas directamente pola Administración autonómica.

Esta aposta do goberno de Feijoo pola privatización de servizos públicos amósase tamén na fiscalización que o Consello de Contas realizou dos gastos de funcionamento dos centros públicos, que descenden desde o ano 2012 a pesar de que o número de prazas residenciais permaneceu case inalterable, así como o dos gastos de persoal das residencias xestionadas pola Xunta, que experimentaron un descenso dun 7,1 % no exercicio 2015 con respecto ao exercicio 2010, debido ás medidas de contención para corrixir o déficit público e a non cobertura das ausencias nas xornadas mediante contratacións temporais.

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:57:35
Nº Rexistro: 53757
Data envío: 13/08/2019 09:57:35.476

Ademais, o prazo medio ou de trámite do procedemento para o recoñecemento do dereito a unha praza residencial no exercicio 2015 foi de 453 días, moi superior aos seis meses que marca a lexislación, e o tempo medio de espera ata conseguir o ingreso no centro residencial, de 154 días, case o dobre do estipulado pola normativa aplicable.

O informe chama a atención tamén sobre as graves deficiencias na xestión dos centros residenciais, en especial daqueles cuxa xestión está privatizada, referidos a incumprimentos en materia de persoal, fundamentalmente do cociente do persoal de atención directa e a non diferenciación de funcións por categorías profesionais, do uso inadecuado das instalacións, das deficiencias nos protocolos de funcionamento, da falta de rigor dos rexistros... A pesares de que estes son factores que repercuten na calidade do servizo que se presta aos residentes, a Xunta de Galicia non iniciou expedientes sancionadores nos casos nos que as irregularidades observadas non se corrixiron posteriormente a ser notificadas.

Son numerosas as persoas maiores que en Galicia demandan unha praza residencial, pero non poden ter acceso á mesma e dadas as cifras demográficas, serán máis no futuro inmediato. Así para dentro de quince anos, no 2031, o IGE prevé que existan da orde de 780.000 persoas de 65 ou máis anos, un aumento superior ao 17 % con respecto ás cifras actuais. Sen que a planificación da Xunta de Galicia pareza ter en conta tales previsións de acontecementos a curto e medio prazo, senón que, ao contrario: mantén un inaceptable e moi considerable retraso ao respecto das actuacións que debera levar adiante co obxecto de facer fronte a esta importante carencia pública.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do informe do Consello de Contas, publicado recentemente, "*sobre o gasto público autonómico en centros residenciais para persoas maiores e persoas con discapacidade*"?

2. Que medidas ten pensado adoptar o goberno galego para paliar o grave déficit de prazas públicas en residencias para persoas maiores ?

3. Que prazos concretos establece para dar cumprimento ao compromiso de construción de residencias públicas nas sete cidades máis importantes de Galicia?

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:57:35
Nº Rexistro: 53757
Data envio: 13/08/2019 09:57:35.476

4. Nestes centros propios, que modelo de xestión se vai a adoptar?

5. E para o resto de Galicia, que outras novas actuacións, no seu caso, contempla realizar?

6. Ten previsto o Goberno galego, durante a X lexislatura, incrementar os gastos de funcionamento e de persoal das residencias públicas de maiores da nosa comunidade autónoma?

7. Considera a Xunta de Galicia que se axusta ao estipulado na normativa vixente o prazo medio ou de trámite do procedemento para o recoñecemento do dereito a unha praza residencial?

8. Que medidas ten previsto tomar o Goberno galego para reducir este tempo de agarda?

9. Cantas sancións impuxo a Xunta de Galicia, dende o ano 2010, por deficiencias na xestión dos centros residenciais?

10. A que centros corresponden ditas sancións?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 15:24:54

Julio Torrado Quintela na data 12/08/2019 15:25:03

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/08/2019 15:25:13

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:58:02
Nº Rexistro: 53759
Data envio: 13/08/2019 09:58:02.118

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e María del Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Os centros e programas educativos para a execución de medidas xudiciais, en aplicación da Lei Orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, Reguladora da Responsabilidade Penal dos Menores, poden ser dos seguintes tipos: centros e programas de medio aberto, centros de internamento ou centros de execución de medidas xudiciais en réxime terapéutico.

En Ourense, o centro de menores de Monteledo, que comparte complexo co de Montefiz e Montealegre, trátase dun centro de internamento, cuxo obxectivo é o de ofrecer un contexto educativo favorecedor da inserción social e familiar do menor, tendo entre os seus fins o desenvolvemento da súa autonomía a todos os niveis e a súa reinserción social. As medidas de internamento poden ser en réxime aberto, pechado ou semiabierto. Este centro ten 37 prazas de internamento, cuxa autorización para o inicio de actividade se contempla na *ORDE do 23 de setembro de 1999*, cuxas instalacións son de titularidade pública (dependente da Consellería de Política Social), aínda que a xestión é privada, adxudicada dende o ano 2016 á Fundación Diagrama, ao igual que o centro de menores de Montefiz, e ultimamente o de Montealegre.

Recentemente tivemos coñecemento de que non se están a cubrir nin os permisos(vacacións, permisos de maternidade e paternidade...), nin as baixas dos traballadores e traballadoras deste centro de menores, xerando situacións de estrés e sobrecarga de traballo no persoal, e carrexando graves deficiencias no funcionamento do mesmo, dándose situacións que non contribúen ao que debera de ser o fin último destes espazos, o de ofrecer un contexto educativo favorecedor da inserción social e familiar do menor.

Ademais este centro está recibindo tamén menores procedentes de Montefiz, que funciona como centro de execución de medidas xudiciais en réxime terapéutico, xuntando de maneira indiscriminada casuísticas que van dende os problemas de conduta, ao consumo de sustancias tóxicas, ou a presenza dalgún tipo de trastorno psíquico. Esta mestura indiscriminada nunha mesma contorna prexudica a todos

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:58:02
Nº Rexistro: 53759
Data envio: 13/08/2019 09:58:02.118

os usuarios e usuarias posto que non se está ofrecendo a atención adecuada ás necesidades de cada un deles.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da xestión que se está levando a cabo dende o ano 2016 no centro de menores de Monteledo, radicado en Ourense?
2. Considera a Xunta de Galicia que se está a cumprir o contrato da adxudicataria da xestión do centro de menores de Monteledo?
3. Ten coñecemento o goberno galego de que neste centro non se están a cubrir nin os permisos nin as baixas dos traballadores e traballadoras?
4. En caso afirmativo, que medidas tomou a Xunta de Galicia para mudar esta situación?
5. Dispuxéronse novos recursos humanos e materiais no centro de Monteledo para acoller menores procedentes do de Montefiz (de execución de medidas xudiciais en réxime terapéutico)?
6. En caso afirmativo, cales foron estes recursos?
7. Que reformas levou a cabo a Xunta de Galicia no centro de menores de Monteledo nos últimos anos?
8. Considera a Xunta de Galicia que tal e como está funcionando na actualidade o centro de menores de Monteledo, hai un contexto educativo favorecedor da inserción social e familiar do menor?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 15:27:06

Julio Torrado Quintela na data 12/08/2019 15:27:15

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/08/2019 15:27:25

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e **Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A aplicación da *Lei 30/1981, do 7 de xullo, pola que se modifica a regulación do matrimonio no Código civil e determínase o procedemento para seguir nas causas de nulidade, separación e divorcio,* vén poñendo de manifesto a insuficiencia dos instrumentos procesuais que o ordenamento xurídico ofrece para a resolución dos conflitos derivados das rupturas familiares, sobre todo no que se refire a salvagarda do interese superior das e dos menores para manter relacións cos proxenitores non custodios e a súa familia, á marxe da ruptura.

Esta situación fixo que a Xunta de Galicia afrontase a financiación, con cargo ao Programa de orientación e mediación familiar, dunha rede de puntos de encontro para garantir a existencia dun lugar apropiado que facilite a relación materno/paterno-filial, asegurando o benestar e a seguridade das e os menores en familias en situacións de conflito.

A súa vez, a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero,* establece no seu artigo 53 que o departamento competente en materia de igualdade garantirá a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crises, e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas, dispoñendo ademais que as normas e os requisitos a os que terán que axustarse os puntos de encontro familiar estableceranse regulamentariamente.

O incremento nos derradeiros anos da demanda dos puntos de encontro familiar, transformounos nun recurso imprescindible para a nosa sociedade, a pesares do cal seguen sendo poucos (sete en toda a comunidade autónoma) e estando mal dotados.

Esta falta de medios e de persoal orixina a insuficiencia do recurso, e listas de espera que son inaceptables tanto para os nenos e nenas que teñen que percorrer longas distancias, o que implica graves prexuízos tanto para a súa actividade escolar coma persoal pola carga emocional e o cansazo acumulado; así como para

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:58:31
Nº Rexistro: 53761
Data envio: 13/08/2019 09:58:31.592

quen ten concedido un réxime de visitas polo órgano xudicial, ou a administración.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia que son suficientes o número de puntos de encontro familiar que hai na nosa comunidade autónoma, para levar a cabo visitas tuteladas e supervisadas?
2. Ten previsto o Goberno galego incrementar durante o ano 2018 o número de puntos de encontro familiar na nosa comunidade autónoma?
3. En caso afirmativo, cal será a situación destes novos puntos de encontro?
4. Vai a reforzar a Xunta de Galicia os medios humanos e materiais cos que contan na actualidade os puntos de encontro familiar?
5. En caso afirmativo, cal vai ser o incremento orzamentario que o Goberno galego vai dedicar para reforzar estes espazos?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 15:31:12

María Luisa Pierres López na data 12/08/2019 15:31:22

Julio Torrado Quintela na data 12/08/2019 15:31:33

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:59:04
Nº Rexistro: 53763
Data envio: 13/08/2019 09:59:04.662

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta, José Manuel Pérez Seco e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

O Entroido de Viana do Bolo, que goza de recoñecida fama, é quizais un dos máis orixinais que se celebran en Galicia e o evento máis antigo e con máis tradición da zona. Os preparativos desta festa comezan ao finalizar o día de Reis, cos ensaios e a preparación de disfraces e carrozas. Ao finalizar a xornada diaria e durante os fins de semana, os veciños e veciñas organízanse para ir tocar o " folión" por todos os pobos da comarca. Hai numerosos " folións", que fan soar ritmicamente grandes bombos e apeiros de labranza. E así ata que chega o primeiro dos días de fariña, o "xoves de compadres", que ten lugar dous xoves antes do "domingo gordo".

A continuación chega o sábado de fariña, con festa e charangas para dar a benvida aos mozos e mozas que estudan fóra do pobo. Os lardeiros son tradicionalmente vestidos con pezas roubadas aos mozos e ás mozas de Viana. O seguinte xoves é o "de comadres". A noite anterior son os mozos os que rouban unha peza ás mozas para colocarlla á boneca " Lardeira", que se coloca nun poste á beira do "Lardeiro". O venres celébrase unha festa de disfraces para nenos e maiores, xuntándose todos de noite para ir de " foliada" por rúas e bares da vila, do mesmo xeito que o sábado, un día no que a poboación de Viana do Bolo adóitase triplicar.

O "domingo gordo" é o día grande do entroido. Dende ben cedo, a banda de gaitas percorre as rúas con alboradas para espertar a veciños e visitantes. Tras a recepción ás autoridades, o pregón e a entrega das insignias da "androlla", iníciase o gran desfile que percorre as principais rúas, participando todos os personaxes típicos do Entroido: "os boteiros", "a mula", "os folións" e" as carrozas". O Boteiro é a figura máis rechamante do Entroido, coa súa máscara negra, ten como misión manter afastados aos espectadores, dando grandes brincos sobre unha pértega curta de cores chamada" monca". Sobre a cabeza, o boteiro leva a chamada pantalla, un ornamento de vivas cores que vai suxeito á cabeza. Ademais, a vestimenta do boteiro está tamén composta por outras tres pezas: uns pantalóns de raso vermello, unhas polainas de coiro, e unha vistosa camisa

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:59:04
Nº Rexistro: 53763
Data envio: 13/08/2019 09:59:04.662

confeccionada a partir dunha camiseta de felpa, sobre a que se cosen cintas rizadas de seda ou raso que forman debuxos de cores, empregándose nela máis de 1.000 metros de cinta. O cinto está feito de coiro forrado de tea e doce esquilas (cencerros) que tintinean cando o boteiro salta. A Mula sempre vai guiada por un Maragato; antigamente subíase aos seus lombos ao cacique do pobo para que convidase a viño e viandas a todos os veciños. Durante esta xornada, adoita celebrarse a "festa da androlla", o produto gastronómico máis internacional da zona.

Como en todos os entroidos da provincia de Ourense, o luns é o día dedicado aos nenos e nenas, con desfiles, concursos e pasarúas. O martes o folión percorre as rúas e despídese ata o ano próximo, disfrazados e cargados de fariña, os participantes na festa, percorren as rúas ata a hora do baile e dos concursos de disfraces.

Dita festa trátase pois dunha manifestación de valores culturais e de tradición popular, con especial consideración polas súas características etnolóxicas e que ten unha especial importancia como atractivo turístico, polo que foi declarada de interese turístico de Galicia no ano 1999. Tendo en conta ademais que cumpre todos os requisitos recollidos na Orde ITC/1763/2006, do 3 de maio, para acadar a declaración dunha festas de interese turístico nacional:
a) A antigüidade da celebración da festa ou acontecemento de que se trate.
b) A súa continuidade no tempo (entre unha e outra celebración da festa non deberá transcorrer máis de cinco anos).
c) Arraigamento da festa na localidade, o que implica a participación cidadá no desenvolvemento da festa.
d) A orixinalidade e diversidade dos actos que se realicen.

O Pleno do Concello de Viana do Bolo no ano 2014, a proposta do grupo socialista, solicitou o inicio dos trámites para que o entroido de Viana do Bolo se declarara de "interese turístico nacional", unha declaración coa que xa contan outros dous entroidos da provincia de Ourense: o de Xinzo da Limia e Verín.

Esta declaración require dun informe favorable da comunidade autónoma, neste caso dos organismos turísticos competentes da Xunta de Galicia, que remitirán no seu caso o expediente acompañado do informe á Subdirección General de Calidad e Innovación Turísticas, da Secretaría General de Turismo, que ditaminará ao respecto.

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esta declaración de carácter honorífico daría un empuxón a unha das festas máis antigas e simbólicas de Galicia, á vez que supoñería un revulsivo socioeconómico nunha provincia que precisa de medidas de acción positiva en todos os ámbitos e sectores de desenvolvemento.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como valora a Xunta de Galicia a declaración do Entroido de Viana do Bolo como de "Interese Turístico Nacional"?
2. Solicitou o Concello de Viana do Bolo á Xunta de Galicia o informe favorable previo esixido pola orde de aplicación, co fin de xuntalo coa documentación a remitir ao Ministerio?
3. En caso de recibir tal requirimento, emitiu a Xunta de Galicia informe sobre o mesmo?
4. Iniciou a Xunta de Galicia os trámites co Goberno de España para declarar o Entroido de Viana do Bolo de "Interese Turístico Nacional"?
5. En caso afirmativo, cal foi a resposta por parte do Goberno de España?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 15:36:17

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/08/2019 15:36:27

Jóse Manuel Pérez Seco na data 12/08/2019 15:36:41

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/08/2019 15:36:53

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:59:31
Nº Rexistro: 53765
Data envio: 13/08/2019 09:59:31.076

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, María del Carmen Rodríguez Dacosta e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O Complexo Hospitalario Universitario de Ourense contaba ata o ano 2013, cun Servizo de Cirurxía Pediátrica composto por tres cirurxiáns pediátricos reforzados nas gardas por algún outro profesional desta especialidade.

Trala xubilación dun deles, e a solicitude de traslado doutro, o cadro de persoal quedou tan reducido que non se podían seguir ofertando gardas. Esta situación obrigaba á Xerencia a reposición das vacantes, pero en lugar diso e ante a sorpresa e o desgusto da cidadanía ourensán, e dos profesionais do CHUOU, a Xerencia anunciou que se suprimía este servizo, optando polo retallo de medios nesta especialidade, reducindo á metade o número de cirurxiáns pediátricos. Así pois, dende setembro de 2013, os nenos e nenas ourensás que necesiten someterse a unha intervención cirúrxica fóra do horario de mañá, ou en sábado, domingo e festivo, teñen que trasladarse a Vigo, a máis de 100 quilómetros, distancia que se eleva cando os desprazamentos teñen que realizarse dende outras zonas da provincia afastadas da capital, como por exemplo da comarca de Valdeorras.

Estamos falando de menores que deben ir acompañados dos pais e nais, o que supuxo un esforzo adicional para moitas familias, esforzo económico aínda máis difícil de levar a cabo para aquelas que dispoñen de menos recursos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno galego que esta decisión beneficiou á atención sanitaria pública de Ourense e da provincia?
2. Que custo supuña este servizo, e que aforro supuxo o desmantelamento do mesmo?
3. Que valoración fai o Goberno galego do que supuxo para as familias dos nenos e nenas que viven nos concellos máis illados da provincia: Carballeda, Viana, Trives, etc, ter que desprazarse a Vigo para ser atendidos e atendidas?

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 09:59:31
Nº Rexistro: 53765
Data envío: 13/08/2019 09:59:31.076

4. Asumiu durante este tempo o Goberno galego os gastos de desprazamento?
5. Puxo en marcha medidas para os casos en que os desprazamentos tiveran que realizalos familias sen recursos?
6. Cantos nenos e nenas da provincia de Ourense tiveron que ser atendidos en Vigo, dende a supresión deste servizo no ano 2013, para someterse a unha intervención cirúrxica fora do horario de mañá, ou en sábado, domingo e festivo?
7. Ten previsto o Goberno galego que o CHUOU volva a dispoñer dun servizo de cirurxía pediátrica 24 horas ao día, e os 365 días do ano? En caso afirmativo, cando ten previsto restablecer este servizo?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

Asdo.:Noela Blanco Rodríguez
Patricia Vilán Lorenzo
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 15:45:02

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/08/2019 15:45:12

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/08/2019 15:45:23

Julio Torrado Quintela na data 12/08/2019 15:45:35

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 10:00:04
Nº Rexistro: 53767
Data envio: 13/08/2019 10:00:04.623

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e **María del Carmen Rodríguez Dacosta,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 16,4 % do 2016, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

O Goberno galego anunciou en repetidas ocasións a súa intención de dotar as cidades da Coruña, Vigo, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo de residencias de maiores.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que investimento ten previsto dedicar a Xunta de Galicia á construción da residencia de maiores de Ourense?
2. Que partida prevista nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2018 vai dedicar o Goberno galego á construción de dito centro?
3. Con que número de prazas vai contar esta nova infraestrutura?
4. Dispón na actualidade o Goberno galego de terreos na cidade de Ourense onde situar esta residencia?

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 10:00:04
Nº Rexistro: 53767
Data envío: 13/08/2019 10:00:04.623

5. En caso afirmativo, onde se atopan estes terreos?
6. Cantos postos de traballo ten previsto crear a Xunta de Galicia para atender esta residencia?
7. A xestión de dito centro, vai ser 100 % pública?
8. Vai contar esta residencia de maiores con unidades xeriátricas e psicoxeriátricas diferenciadas?
9. Cando ten previsto comezarse a construción da residencia de maiores de Ourense?
10. Segundo a Xunta de Galicia, que porcentaxe da demanda existente na cidade de Ourense e na súa área de influencia, ten previsto cubrir a posta en marcha deste centro?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 15:49:38

Julio Torrado Quintela na data 12/08/2019 15:49:46

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/08/2019 15:49:56

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 10:00:59
Nº Rexistro: 53769
Data envio: 13/08/2019 10:00:59.523

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e **Patricia Vilán Lorenzo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A construción no ano 2002 da estación de autobuses de Celanova, que a Xunta de Galicia financiou con fondos europeos, tivo un custo de 356.000 euros.

O Concello de Celanova cedeu a parcela de terreo para a súa construción, e no ano 2004 urbanizou a rúa Irmáns Igrexas, unha obra que contou cun investimento de 135.000 euros. Esta infraestrutura era moi demandada polos veciños e veciñas desta vila ourensá porque os autobuses escolares e de viaxeiros se vían obrigados a estacionar ao longo da avenida de San Rosendo (a estrada OU-540 ao seu paso pola vila), o que representaba un perigo para os usuarios e usuarias, e xeraba atascos na circulación daqueles vehículos que atravesaban Celanova en dirección a Ourense ou á fronteira portuguesa.

No ano 2011 a Xunta de Galicia cedeu o inmoble ao concello, que adquiriu o compromiso de poñer en marcha ditas instalacións.

Na actualidade, a estación de autobuses de Celanova permanece pechada.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son os motivos polos que permanece pechada a estación de autobuses de Celanova?
2. Por que cedeu a Xunta de Galicia este inmoble ao concello?
3. Cando o Goberno de galego levou a cabo esta cesión, coñecía as dificultades para poñer en marcha a estación?
4. Reclamou a Xunta de Galicia ao Concello de Celanova nalgunha ocasión, dende que lle cedeu dito inmoble, a posta en marcha da estación de autobuses?
5. En caso afirmativo, cal foi a resposta do concello?
6. A que usos se está dedicando na actualidade este inmoble?

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

7. Comunicou a Xunta de Galicia ás autoridades comunitarias competentes que a estación de autobuses non se puxo en marcha?
8. En caso afirmativo, cando se levou a cabo dita comunicación?
9. Ten previsto poñerse en marcha a estación de autobuses de Celanova?
10. En caso afirmativo, cando está previsto que entre en funcionamento?
11. Valora a Xunta de Galicia a posibilidade de dedicar este inmoble a outros usos?
12. En caso afirmativo, cal sería o uso que se lle pretende dar?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 15:56:09

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/08/2019 15:56:17

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/08/2019 15:56:26

María Luisa Pierres López na data 12/08/2019 15:56:34

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/08/2019 15:56:48

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 10:01:27
Nº Rexistro: 53771
Data envío: 13/08/2019 10:01:27.750

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta, Concepción Burgo López e **Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

No ano 1969, rematado o que en Ourense é coñecido como "edificio da Torre", a caixa de aforros propietaria deste, e en compensación polos problemas urbanísticos xurdidos derivados da construción do mesmo, cedeu varias dependencias deste edificio, que foi declarado "edificio singular", á cidade. Nun deses locais, na entreplanta, asentouse o Ateneo, cuxo aluguer pagaba primeiro o Ministerio de Información e Turismo, e posteriormente a Xunta de Galicia.

O Ateneo, nunha época na que o debilitamento da ditadura comezaba a ser patente, fomentou as actividades de oposición ao franquismo favorecendo a confluencia de diversos movementos de protesta, sendo dende os seus inicios un verdadeiro reduto para debater en liberdade, e un referente de tolerancia e diversidade. Este espazo aberto á sociedade aglutinou a persoeiros do mundo da cultura e da sociedade ourensán tan insignes coma os escritores Vicente Risco e Blanco Amor, o doutor Cabaleiro Goás, o pintor Xaime Quesada, ou aos políticos Celso Montero e Peña-Rey. Coa chegada da democracia o Ateneo mantivo a súa acción, formando parte da súa programación actividades culturais, roldas de prensa de plataformas cidadás, actos de solidariedade, debates políticos, ou actividades varias como campionatos de xadrez.

O ano 2010 marcou o comezo dun camiño complicado e complexo que chega ata o día de hoxe, cun futuro incerto para a supervivencia da entidade. Unha orde de desaloxo, froito de intereses urbanísticos e económicos ante a que a Xunta de Galicia reaccionou con resignación e complicidade, obrigaba ao Ateneo a abandonar os seus locais históricos, o que supoñía ter que asumir un custo ata entón inexistente: o pago dun aluguer. Finalmente en novembro do ano 2011 prodúcese o desaloxo do espazo que viña ocupando tradicionalmente esta institución.
Tras idas e vindas, o Ateneo instalouse finalmente, compartindo local co Club de Tenis de Ramirás, quen lles cedeu parte das instalacións. Pero en 2014, o baixo no que se atopa foi posto á venda, e cando esta se produza, se os novos donos non permiten ao Ateneo continuar, a entidade enfrontarase, con toda probabilidade, ao

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 10:01:27
Nº Rexistro: 53771
Data envio: 13/08/2019 10:01:27.750

final do seu camiño, xa que lle resultará moi difícil atopar outro espazo cuxo custo poida asumir.

Neste contexto, o 9 de marzo de 2016 aprobouse na Comisión 4.ª, de Educación e Cultura unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista, segundo a cal se chegaba ao seguinte acordo:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a consultar co Ministerio de Facenda do Estado Español o rexistro de locais baleiros de titularidade pública, para que se abra un proceso de negociación encamiñado a dotar dun local ao Ateneo de Ourense para que continúe coa súa actividade sen ánimo de lucro garantindo que os contactos se produzan no prazo máximo dun mes".

Posteriormente, preguntado polo Grupo Parlamentario Socialista no Pleno do Parlamento de Galicia sobre a situación no que se atopaban as negociacións para dotar ao Ateneo de Ourense dun local, o conselleiro de Cultura afirmaba que "o 20 de abril a consellería recibira unha notificación da Delegación de Economía e Facenda onde se comunicaba que, tendo en conta as características do espazo demandado e tendo en conta o inventario de bens que tiña a Axencia Tributaria, a axencia estatal en Ourense non dispuña de locais baleiros adecuados ás necesidades demandadas", ao tempo que recoñecía que "existen locais, pero agora hai que ver se eses locais que existen compren os requisitos demandados e comunicados por parte da directiva á consellería".

O Ateneo de Ourense recibía unha notificación de desaloxo do local provisional que ocupaban ata entón, que tiña que abandonar antes do día 10 de abril do ano 2017.

Xerouse entón en Ourense un movemento social en defensa do Ateneo de Ourense que desembocou na creación dunha plataforma cidadá para evitar o peche desta entidade senlleira da cidade, que fixo que as institucións reaccionaran ás demandas da cidadanía comprometéndose a que unha vez se complete o traslado da Biblioteca Pública de Ourense a San Francisco, o Goberno galego procedería a reordenar o edificio da rúa Concello e cederlle un espazo. Para solucionar esa fase transitoria, a Deputación puxo a disposición da asociación as dependencias do centro cultural Marcos Valcárcel, que é no que se atopa na actualidade.

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 10:01:27
Nº Rexistro: 53771
Data envio: 13/08/2019 10:01:27.750

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece a Xunta de Galicia cando ten previsto o Goberno de España poñer en marcha o complexo de San Francisco, situado en Ourense, que entre outros espazos conterá a futura Biblioteca Nodal e o Arquivo Histórico Provincial?
2. Cando ten previsto levarse a cabo o traslado da actual biblioteca pública de Ourense, situada na rúa Concello, ao complexo de San Francisco?
3. Garante o Goberno galego que unha vez se materialice o traslado da actual biblioteca pública de Ourense, situada na rúa Concello, ao complexo de San Francisco, cederá un espazo ao Ateneo de Ourense para que este poida desempeñar a súa actividade?
4. En caso afirmativo, cales serían as características técnicas dese espazo?
5. Ten coñecemento a Xunta de Galicia de se a Deputación de Ourense ten previsto, ata que se realice este traslado, que o ateneo de Ourense poida ocupar as dependencias do centro cultural Marcos Valcárcel, que é no que se atopa na actualidade?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/08/2019 16:01:02

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/08/2019 16:01:12

Maria de la Concepción Burgo López na data 12/08/2019 16:01:21

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/08/2019 16:01:31

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/08/2019 10:01:53
Nº Rexistro: 53773
Data envio: 13/08/2019 10:01:53.688

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Os veciños e veciñas de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, levan máis de vinte cinco anos coa estrada que leva as súas casas cortada ao tráfico, a OU-0807.

A pesar de que esta vía, de titularidade da Deputación de Ourense, leva cortada así como sinalizada a prohibición de circular pola mesma polo mal estado no que se atopa dende hai tempo, era a estrada pola que circulaban a diario ata o de agora, tanto as ambulancias, como o transporte escolar e de todo tipo de vehículos, e mesmo os propios veciños e veciñas.

Durante estes anos, a situación da estrada aínda se foi deteriorando máis, debido en gran medida a actividade das explotacións de lousa da zona así como a súa utilización a diario para ese tráfico pesado, ata que as choivas destas últimas semanas provocaron unha greta lonxitudinal no medio da calzada, existindo segundo afirman os técnicos no tramo final (o máis próximo a San Vicente de Leira), un alto risco de derrube. O pasado sábado a Deputación de Ourense realizou o corte físico desta estrada.

A alternativa que ofrecen é circular pola estrada de O Robledo, de titularidade municipal, que debido a súa elevada pendente así como ao firme e outras consideracións técnicas, non ofrece óptimas condicións de seguridade.

Dende a Deputación de Ourense afírmase que esta é unha solución provisional mentres non se leve a cabo a obra de recheo da vaguada, pero a veciñanza leva esperando máis de vinte anos a que a institución provincial realice esta obra.

Non parece dunha administración responsable, tanto sexa provincial como autonómica, ter a unha poboación illada (a maioría persoas maiores), e sen acceso por estrada, desentendéndose do que poida pasar por non ter a posibilidade de circular por unha estrada en condicións de seguridade.

CSV: BOPGDSPG14pAma4TN6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Sabemos que se trata dunha obra que esixe un orzamento importante para unha Deputación, pero tamén sabemos que as diferentes administracións son solidarias no caso de asegurar servizos mínimos para os cidadáns administrados, que un acceso seguro as súas casas é algo básico, e que ademais o levan reivindicando os veciños e veciñas de San Vicente dende hai máis de 25 anos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do estado de illamento no que se atopa a veciñanza de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras (Ourense), debido ao corte físico da estrada OU-0807?
